	<p>Criterios de cualificación:</p> <p>a. Cada unha das probas escritas e listas de cotexo que formen parte da recuperación extraordinaria de xuño será valorada de 0 a 10.</p> <p>b. A nota da recuperación de cada avaliación trimestral de xuño, será a media aritmética das probas escritas que se propoñen na Aula Virtual, sen contar as 5 tarefas obrigatorias do terceiro trimestre.</p> <p>c. Aquel alumnado que faga o traballo de recuperación e seña unha copia doutro compañeiro, automaticamente, suporá un SUSPENSO da proba para o alumno que copia e o alumno que permite que lle copie e por tanto, a non recuperación da avaliación trimestral do módulo.</p> <p>d. Aqueles alumnos que superen as probas de recuperación extraordinaria de xuño de cada un dos trimestres aplicaráselles a fórmula do apartado de Cualificación final, podendo, por tanto, aumentar a súa nota se cumpren os requisitos recollidos na rúbrica de avaliación das tarefas desenvoltas no terceiro trimestre.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Para a recuperación dos trimestres, a docente habilitará unha carpeta por cada trimestre a recuperar onde se atoparán as probas escritas a realizar. En cada proba indicárase a súa cualificación máxima (10 puntos) e o seu prazo de entrega.</p> <p>Os instrumentos de recuperación por trimestre serán:</p> <p><b>RECUPERACIÓN 1ª TRIMESTRE</b></p> <p>- Un test de resposta múltiple dos contidos traballados no trimestre, con cualificación directa.</p>

- Unha tarefa con preguntas dos contidos traballados no trimestre, con cualificación directa.
  - Un traballo que será un resume dunha das actividades traballadas no trimestre. Para a realización de dito traballo o alumno orientarase polo mapa conceptual que hai o final de tema no libro Carpintería de aluminio y PVC, co obxectivo de recoller todos os puntos importantes.
- Este traballo será avaliado segundo o criterios recollidos na rúbrica seguinte:

<b>RÚBRICA DE AVALIACIÓN DO TRABALLO ESCRITO</b>				
<b>ASPECTOS A VALORAR</b>	<b>NIVEIS DE DESEMPEÑO</b>			
	<b>Excelente (10-8)</b>	<b>Ben (7-5)</b>	<b>Regular (4-2)</b>	<b>A mellorar (1-0)</b>
<b>ORGANIZACIÓN</b> 15%	O traballo está ben estruturado, ten índice, introdución, desenrolo e conclusións	O traballo está bastante ben estruturado, ten índice, introdución, desenrolo e conclusións.	O traballo está pouco estruturado ou carece dalgúns dos seguintes puntos: índice, introdución, desenrolo e conclusións.	O traballo apenas ten estrutura e non ten ou case non ten: índice, introdución, desenrolo e conclusións.
<b>LIMPEZA E ORDE</b> 10%	Ten xerarquía de cores e destaca palabras. Respetar marxes e espaciado. Están numeradas as páxinas. Mostra limpeza e pulcritude O documento está escrito a bolígrafo.	Presenta en case todo o documento xerarquía de cores. Respetar marxes e espaciado Algunha parte de documento está escrito a lapis. Apenas hai tachóns. Algunas páxinas están sen numerar.	Case non hai xerarquía de cores. Apenas respeta marxes e espaciado Gran parte do documento está escrito a lapis. Hai bastantes tachóns no documento. Non está numeradas as páxinas.	Non presenta xerarquía de cores. Non respeta marxes nin espaciado. O documento está escrito a lapis. O documento está cheo de tachóns. Non están numeradas as páxinas.



<b>RÚBRICA DE AVALIACIÓN DO TRABALLO ESCRITO</b>				
<b>ASPECTOS A VALORAR</b>	<b>NIVEIS DE DESEMPEÑO</b>			
	<b>Excelente (10-8)</b>	<b>Ben (7-5)</b>	<b>Regular (4-2)</b>	<b>A mellorar (1-0)</b>
<b>LEXIBILIDADE DA LETRA</b> <b>10%</b>	Letra lexible, esforzase en facer boa letra.  Non se pisan as filas nin as letras.  Destaca palabras importantes.	Letra bastante lexible, varia algo o tamaño.  Algunhas letras ou filas písanse.  Destaca bastantes palabras importantes.	Enténdese aínda que ten palabra ilexibles.  Bastantes letras e filas písanse.  Apenas destaca palabras importantes.	Apenas se entende o documento.  Písanse letras e filas.  Non hai palabras importantes destacadas.
<b>CONTIDO</b> <b>50%</b>	A información é correcta e completa.  Aborda o tema pedido.  Non é unha copia literal do tema	A información é correcta pero algo incompleta.  Aborda o tema pedido.  Non é unha copia literal do tema	A información non é de todo correcta e ademáis está bastante incompleta.  Aborda o tema pedido.  Ten partes que é copia literal do tema.	A información está moi incompleta e ten moitos erros.  A penas aborda o tema pedido.  A maior parte ou todo o documento é unha copia literal do tema.
<b>EXTENSIÓN</b> <b>15%</b>	A extensión do traballo é adecuada con debuxos, gráficos, etc. sen abusar deles.	A extensión do traballo é bastante adecuada con debuxos, gráficos, etc. sen abusar deles.	A extensión do traballo é bastante escasa con demasiados debuxos, gráficos, etc.	A extensión do traballo é moi escasa, e non dispón de debuxos, gráficos, etc. ou estes son moi escasos.
<p><b>RECUPERACIÓN 2ª TRIMESTRE</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Un test de resposta múltiple dos contidos traballados no trimestre.</li> <li>- Unha tarefa con preguntas que requiren respostas curtas, dos contidos traballados no trimestre.</li> </ul>				

<p><b>Proba extraordinaria de setembro</b></p>	<p>Para o alumnado que non superou en xuño o módulo realizarase un informe individualizado de avaliación coas actividades que deberá recuperar. Tal como está indicada na programación didáctica do módulo.</p> <p>Se a Administración Autonómica e a Estatal o permiten e hai a posibilidade de realizar a proba extraordinaria de setembro de <u>forma presencial</u>, ésta constará de dúas partes:</p> <p>1ª parte: proba teórica que versará sobre os contidos de cada unha das unidades formativas do curriculum do módulo correspondentes as dúas primeiras avaliacións trimestrais.</p> <p>2ª parte: proba práctica na que se levará a cabo unha peza que recolla os mínimos exhibibles as dúas primeiras avaliacións trimestrais.</p> <p>O alumno deberá superar a proba teórica (1ª parte) para poder realizar a proba práctica.</p> <p>A primeira e segunda parte celebrarase, preferentemente, nun único día.</p> <p>A nota final da proba extraordinaria de setembro será a suma das notas de cada parte, aplicando a cada unha delas a seguinte porcentaxe.</p> <p><b>Cualificación final proba extraordinaria de setembro= 40% 1ª parte + 60% 2ª parte</b></p> <p>No caso de que sexa imposible realizar a proba de maneira presencial, farase telematicamente a través da Aula Virtual.</p> <p>A cualificación final de setembro correspondería a seguinte suma, aplicando as seguintes porcentaxes:</p> <p><b>Cualificación final = 50% Recuperación 1ª Avaliación + 50% Recuperación 2ª Avaliación</b></p>
--	--

## 2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<p>No 3º trimestre estanse a desenrolar actividades de recuperación, reforzo e ampliación das aprendizaxes correspondentes os dous primeiros trimestres do curso. Ditas actividades teórico-prácticas incluídas nas unidades didácticas do módulo, consisten en:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Normas de seguridade e prevención de riscos laborais.</li><li>- Perfís comerciais de aluminio e o manexo.</li><li>- Máquinas na carpintería de aluminio. Descrición dos diferentes tipos de ferramentas e máquinas que se utilizan no sector aluminio.</li><li>- Mantemento de primeiro nivel.</li><li>- Realización de vistas e perspectivas de diferentes pezas.</li></ul>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>A metodoloxía no terceiro trimestre baséase no reforzo da aprendizaxe dos contidos traballados nos dous primeiros trimestres do curso, de maneira telemática, a través da Aula Virtual da páxina web do Centro, co obxectivo de seguir desenrolando as capacidades, habilidades e actitudes do alumnado.</p> <p>As actividades relacionadas no apartado anterior preséntanse desglosadas en carpetas e apoiadas en materiais e recursos que favorezan o interese do alumnado sobre os temas e os motiven para a súa aprendizaxe.</p> <p>Os contidos van acompañados de fotografías e vídeos que axudan a comprensión do que se traballa.</p> <p>Propóñense probas escritas e listas de cotexo individualizadas que o alumnado debe realizar para asimilar e reforzar o aprendido. Algunhas desas probas teñen como requisito a súa execución nun prazo determinado.</p> <p>Estas probas son supervisadas pola docente, que analiza as dificultades e orienta e proporciona os alumnos as axudas necesarias para facer novamente as tarefas.</p> <p>No caso de que se detecte desconectividade no alumnado procedese da seguinte forma:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Contáctase telefonicamente, mediante mensaxería a través do</li></ul>

	<p>Espazo Abalar ou por correo electrónico, tanto cos pais ou titores dos alumnos menores de idade como cos alumnos maiores de idade.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comunicase a dirección do Centro as incidencias detectadas e séguese as directrices establecidas por ésta.</li> </ul>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<p>Os materiais e recursos empregados para fomentar a aprendizaxe do alumnado durante este terceiro trimestre son: apuntamentos, contidos audiovisuais (videos), libro de texto dixitalizado, probas obxetivas tipo test, xogos de aprendizaxe (sudoku, crucigramas, aforcado,...) e tarefas con cuestionarios.</p>

### 3. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	A información ao alumnado realízase a través da Aula Virtual da páxina web do Centro, por correo electrónico, e as familias telefonicamente, por mensaxería a través do Espazo Abalar e por correo electrónico.
<b>Publicidade</b>	A información publicítase a través da páxina web do Centro e da Aula Virtual.

## 1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

Debemos de indicar que tanto os criterios de avaliación como os resultados de aprendizaxe da Comunicación en linguas galega e castelá I así como Sociedade I mantéñense ao longo das tres avaliacións do curso. Os criterios de avaliación que aquí aparecen divídense entre as diferentes unidades didácticas preparadas para este curso 2019-2020 como así se reflicte na programación.

Sempre se pon especial interese naqueles contidos que resultan máis complexos para o alumnado, dándolle especial importancia ás estratexias comunicativas para interpretar, comunicar e compoñer diferentes tipos textuais nas diferentes unidades formativas.

### 1. Aspectos metodolóxicos: criterios de avaliación e resultados da aprendizaxe da unidade formativa Comunicación en linguas galega e castelá I.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	RESULTADOS DA APRENDIZAXE
<p>CA1.1. Analizouse a estrutura de textos orais procedentes dos medios de comunicación de actualidade e identificáronse as súas características principais</p> <p>CA1.2. Aplicáronse as habilidades básicas para realizar unha escoita activa, identificando o sentido global e os contidos específicos dunha mensaxe oral.</p> <p>CA1.3. Realizouse un bo uso dos elementos de comunicación non verbal nas argumentacións e nas exposicións.</p> <p>CA1.4. Analizáronse os usos e os niveis da lingua e as normas lingüísticas na comprensión e aplicáronse na composición de mensaxes orais, e revisáronse e elimináronse os usos discriminatorios, nomeadamente nas relacións de xénero</p> <p>CA1.5. Utilizouse a terminoloxía gramatical axeitada na comprensión das actividades</p>	<p>RA1. Utiliza estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información oral en lingua galega e en lingua castelá, aplicando os principios da escoita activa, estratexias sinxelas de composición e as normas lingüísticas básicas.</p>

<p>gramaticais propostas e na súa resolución.</p>	
<p>CA2.1. Valoráronse e analizáronse as características principais dos tipos de textos en relación coa súa idoneidade para o traballo que se desexe realizar e en función da súa finalidade.</p> <p>CA2.2. Utilizáronse diversas ferramentas de procura na comprensión dun texto escrito, aplicando estratexias de reinterpretación de contidos.</p> <p>CA2.3. Aplicáronse sistematicamente estratexias de lectura comprensiva na interpretación dos textos, extraendo conclusións para a súa aplicación nas actividades de aprendizaxe e recoñecendo posibles usos discriminatorios desde a perspectiva de xénero.</p> <p>CA2.4. Resumiuse o contido dun texto escrito, extraendo a idea principal, as secundarias e o propósito comunicativo, e revisáronse e reformuláronse as conclusións obtidas.</p> <p>CA2.5. Analizouse a estrutura de textos escritos de utilización diaria, recoñecendo usos e niveis da lingua, e pautas de elaboración.</p> <p>CA2.6. Aplicáronse as principais normas gramaticais e ortográficas na redacción de textos, de xeito que o texto final resulte claro e preciso. CA2.7. Utilizouse o léxico específico da familia profesional do título. CA2.8. Desenvolvéronse pautas sistemáticas na elaboración de textos escritos que permiten a valoración das aprendizaxes desenvolvidas e a reformulación das necesidades de aprendizaxe para mellorar a comunicación escrita.</p> <p>CA2.9. Seguíronse pautas de presentación de traballos escritos tendo en conta o contido,</p>	<p>RA2. Utiliza estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información escrita en lingua galega e en lingua castelá, aplicando á composición autónoma de textos breves seleccionados, estratexias de lectura comprensiva e de análise, síntese e clasificación, de xeito estruturado e progresivo</p>

<p>o formato e o público destinatario, utilizando un vocabulario adecuado ao contexto.</p> <p>CA2.10. Resolvéronse actividades de comprensión e análise das estruturas gramaticais e comprobouse a validez das inferencias realizadas.</p>	
<p>CA3.1. Contrastáronse as etapas de evolución da literatura en lingua castelá no período considerado e recoñecéronse as obras máis representativas.</p> <p>CA3.2. Valorouse a estrutura e o uso da linguaxe na lectura persoal dunha obra literaria adecuada ao nivel, situándoa no seu contexto e utilizando instrumentos protocolizados de recollida de información.</p> <p>CA3.3. Expresáronse opinións persoais razoadas sobre os aspectos máis e menos apreciados dunha obra e sobre a implicación entre o seu contido e as propias experiencias vitais.</p> <p>CA3.4. Aplicáronse estratexias para a comprensión de textos literarios, tendo en conta os temas e os motivos básicos.</p> <p>CA3.5. Presentouse información sobre períodos, autores/as e obras da literatura en lingua castelá a partir de textos literarios.</p>	<p>RA3. Realiza a lectura de textos literarios representativos da literatura castelá anteriores ao século XIX, xerando criterios estéticos para a construción do gusto persoal</p>
<p>CA4.1. Contrastáronse as etapas de evolución da literatura en lingua galega no período</p>	<p>RA4. Realiza a lectura de textos literarios</p>



<p>considerado e recoñecéronse as obras máis representativas.</p> <p>CA4.2. Valorouse a estrutura e o uso da linguaxe na lectura persoal dunha obra literaria adecuada ao nivel, situándoa no seu contexto e utilizando instrumentos protocolizados de recollida de información. CA4.3. Expresáronse opinións persoais razoadas sobre os aspectos máis e menos apreciados dunha obra e sobre a implicación entre o seu contido e as propias experiencias vitais.</p> <p>CA4.4. Aplicáronse estratexias para a comprensión de textos literarios, tendo en conta os temas e os motivos básicos.</p> <p>CA4.5. Presentouse información sobre períodos, autores/as e obras da literatura en lingua galega a partir de textos literarios.</p>	<p>representativos da literatura en lingua galega anteriores ao século XX, xerando criterios estéticos para a construción do gusto persoal</p>
<p>CA5.1. Analizáronse as características de formación da lingua galega e da lingua castelá.</p> <p>CA5.2. Identificáronse as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega e da lingua castelá anterior ao século XX.</p> <p>CA5.3. Analizáronse os fenómenos de contacto de linguas, atendendo a situacións de bilingüismo, diglosia, interferencias e o conflito lingüístico.</p> <p>CA5.4. Valorouse a necesidade de normalizar a lingua galega no marco do plurilingüismo, rexeitando os prexuizos lingüísticos.</p>	<p>RA5. Coñece a formación da lingua galega e da lingua castelá e as distintas etapas da súa historia social ata o século XIX, así como os fenómenos de contacto de linguas, sendo consciente da necesidade de normalizar a lingua galega no marco do plurilingüismo</p>

## 2. Aspectos metodolóxicos: criterios de avaliación e resultados da aprendizaxe da unidade formativa Sociedade I

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	RESULTADOS DA APRENDIZAXE
<p>CA1.1. Describíronse mediante a análise de fontes gráficas as principais características dunha paisaxe natural, e recoñecéronse esas características no contorno máis próximo.</p> <p>CA1.2. Explicáronse a localización, o desprazamento e a adaptación ao medio dos grupos humanos do período da hominización, ata o dominio técnico dos metais por parte das principais culturas que o exemplifican. CA1.3. Relacionáronse as características dos fitos artísticos máis significativos do período prehistórico coa organización social e co corpo de crenzas, e valoráronse as súas diferenzas coas sociedades actuais. CA1.4. Valorouse a persistencia destas sociedades nas actuais, en especial no territorio galego e peninsular, identificando e comparando as súas principais características.</p> <p>CA1.5. Discrimináronse as principais características que require a análise das obras arquitectónicas e escultóricas mediante exemplos arquetípicos, diferenciando estilos canónicos.</p> <p>CA1.6. Xulgouse o impacto das primeiras sociedades humanas na paisaxe natural, analizando as características das cidades antigas e a súa evolución na actualidade no territorio galego e peninsular.</p>	<p>RA1. Valora a evolución histórica das sociedades prehistóricas e da Idade Antiga, así como as súas relacións coas paisaxes naturais, analizando os factores e os elementos implicados, e desenvolvendo actitudes e valores de aprecio do patrimonio natural e artístico</p>

<p>CA1.7. Analizouse a persistencia en Galicia, na Península Ibérica e nos territorios extrapeninsulares españois das sociedades prehistóricas e da Idade Antiga.</p> <p>CA1.8. Elaboráronse instrumentos sinxelos de recollida de información mediante estratexias de composición protocolizadas, utilizando tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <p>CA1.9. Desenvolvéronse comportamentos acordes co desenvolvemento do propio esforzo e o traballo colaborativo.</p> <p>.</p>	
<p>CA2.1. Analizouse a transformación do mundo antigo no medieval, recoñecendo a evolución do espazo europeo, as súas relacións co espazo extraeuropeo e as características máis significativas das sociedades medievais en Galicia e en España.</p> <p>CA2.2. Valoráronse as características das paisaxes agrarias medievais e a súa persistencia nas sociedades actuais galega e española, identificando os seus elementos principais.</p> <p>CA2.3. Valoráronse as consecuencias da construción dos imperios coloniais en América nas culturas autóctonas e nas europeas.</p> <p>Analizouse o modelo político e social da monarquía absoluta durante a Idade Moderna nas principais potencias europeas, así como as súas peculiaridades en Galicia e en España.</p> <p>Valoráronse os indicadores demográficos básicos das transformacións na poboación</p>	<p>RA2. Valora a construción do espazo europeo ata as primeiras transformacións industriais das sociedades agrarias, analizando as súas características principais, así como a súa persistencia na sociedade actual e no contorno inmediato.</p>

<p>europaea, española e galega durante o período analizado.</p> <p>CA2.6. Describíronse as principais características da análise das obras pictóricas a través do estudo de exemplos arquetípicos das escolas e dos estilos que se suceden en Europa, en España e en Galicia desde o Renacemento ata a irrupción das vangardas históricas.</p> <p>CA2.7. Analizouse a evolución do sector ou dos sectores produtivos propios do perfil do título, analizando as súas transformacións e os principais fitos de evolución nos seus sistemas organizativos e tecnolóxicos.</p> <p>CA2.8. Elaboráronse instrumentos sinxelos de recollida de información mediante estratexias de composición protocolizadas, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <p>CA2.9. Desenvolvéronse comportamentos acordes co desenvolvemento do propio esforzo e o traballo en equipo.</p>	
--	--

## **2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN**

Debido ao estado creado polo COVID-19 e á paralización das clases presenciais dende o 13 de marzo de 2020, os estándares de aprendizaxe que se corresponden coa terceira avaliación xunto cos criterios de avaliación correspondentes son os que se adecúan a unha aprendizaxe telemática a través da aula virtual do centro. O alumnado realizou actividades propostas para as dúas unidades formativas: lingua galega e castelá e sociedade. Propuxéronse 3 lotes de actividades para cada sección: as de linguas para reforzar as aprendizaxes adquiridas, sen aumentar contidos e as de sociedade para ampliar contidos, pero sempre mantendo a prioridade nos resultados de aprendizaxe recollidos nas táboas anteriores. Para a avaliación final daráselle un valor do 60% á primeira avaliación, un 40% á segunda e as actividades realizadas na

terceira avaliación darán un valor engadido de ata 2 puntos. Unha vez rematada a entrega das tarefas realizarase unha cualificación media de todas elas e aplicarase a seguinte rúbrica:

<b>Indicadores de avaliación</b>	<b>Sobresaliente 1,5 - 2</b>	<b>Notable 1-1,5</b>	<b>Suficiente 0,75-1</b>	<b>Insuficiente 0-0,75</b>
<b>Contidos</b>	Tarefas moi ben con contido completo e sen erros	Tarefas ben e con algún contido incompleto	Menos da metade das tarefas están incompletas ou teñen erros	Moitas tarefas sen facer e incompletas
<b>Redacción</b>	Correcta	Correcta	Tarefas con algún erro na redacción	Incoherencia en boa parte das tarefas
<b>Ortografía</b>	Sen faltas de ortografía	Sen faltas ou faltas leves de ortografía	Faltas leves ou algunha grave de ortografía	Faltas graves de ortografía
<b>Presentación</b>	Boa e clara incluído a identificación do autor/autora das tarefas	Boa	Presenta algunha confusión	Confusa

<b>AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN</b>	
<b>AVALIACIÓN</b>	<p><b>PROCEDEMENTOS:</b> análise da produción da clase, observación sistemática, probas específicas</p> <p><b>INSTRUMENTOS:</b> textos escritos, probas orais, exposición de temas e investigacións e posta en común.</p>

<b>CUALIFICACIÓN FINAL</b>	<b>AVALIACIÓN 1ª 60%</b> <b>AVALIACIÓN 2ª 40%</b> <b>AVALIACIÓN 3ª 0-2 PUNTOS QUE SE SUMAN</b>
<b>PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO</b>	<b>proba obxectiva</b>
<b>ALUMNADO DE MATERIA PENDENTE</b>	<b>NON HABÍA</b>

### **3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE ( REVISIÓN E AMPLIACIÓN)**

<b>METODOLOXÍA E ACTIVIDADES 3º TRIMESTRE</b>	
<b>ACTIVIDADES</b>	Exercicios pregunta-resposta para entregar pola aula virtual ou correo electrónico Exercicios sobre textos
<b>METODOLOXÍA (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	Todo o alumnado ten móbil pero non todos teñen ordenador do fogar e tampouco conexión a internet. Polo tanto, a maioría das actividades son recibidas en formato fotográfico ao correo ou á aula virtual a través do móbil
<b>MATERIAIS E RECURSOS</b>	O material de apoio sobre todo para as actividades de xeografía e historia son blogs específicos da materia e tamén todas aquelas páxinas nas que se pode obter información na web Unha gran porcentaxe das actividades propostas son de comprensión

	e revisión de contidos xa vistos e lingua galega e castelá.
--	---

#### **4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

<b>INFORMACIÓN E PUBLICIDADE</b>	
<b>INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS</b>	Co alumnado mediante a aula virtual e un grupo de WhatsApp creado polo propio alumnado.
<b>PUBLICIDADE</b>	Na páxina web do centro e na aula virtual

**ADAPTACIÓN DA**  
**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**  
**CURSO 2019/2020**

**CENTRO: IES de VALGA (36020362)**

**CICLO FORMATIVO: FABRICACIÓN E MONTAXE (CBFME01)**

**MÓDULO PROFESIONAL: CIENCIAS APLICADAS I (MP3009)**

**CURSO: FP Básica 1**

**RÉXIME: XERAL - ORDINARIO**



## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación imprescindibles: FPBÁSICA1

UD	Criterio de avaliación	Resultado de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación	
			Actividades Tipo I	Actividades Tipo II
<b>1ª AVALIACIÓN</b>				
1	CA1.2.1 Realizáronse operacións básicas con números naturais e enteiros.	RA1 – Resolve problemas matemáticos en situacións cotiás, utilizando os elementos básicos da linguaxe matemática e as súas operacións	60%	40%
	CA1.2.3 Resolvéronse problemas e operacións combinadas de números naturais e enteiros.		60%	40%
3	CA1.1 Identificáronse os tipos de números e utilizáronse para interpretar adecuadamente a información cuantitativa	RA1 – Resolve problemas matemáticos en situacións cotiás, utilizando os elementos básicos da linguaxe matemática e as súas operacións	60%	40%
	CA1.6 Representáronse os números reais sobre a recta numérica		60%	40%
8	CA5.1 Identificáronse situacións da vida cotiá nas que se pon de manifesto a intervención da enerxía	RA2 – Recoñece as instalacións e o material de laboratorio e valóraos como recursos necesarios para a realización das actividades prácticas	60%	40%
<b>2ª AVALIACIÓN</b>				
2	CA1.2.2 Realizáronse operacións básicas con números reais.	RA1 – Resolve problemas matemáticos en situacións cotiás, utilizando os elementos básicos da linguaxe matemática e as súas operacións	60%	40%
	CA1.4 Operouse con potencias de expoñente natural e enteiro aplicando as propiedades		60%	40%
4	CA1.9 Utilizouse a regra de tres para resolver problemas nos que interveñen magnitudes directamente e inversamente proporcionais	RA1 – Resolve problemas matemáticos en situacións cotiás, utilizando os elementos básicos da linguaxe matemática e as súas operacións	60%	40%
	CA1.11 Resolvéronse situacións da vida cotiá sobre porcentaxes		60%	40%
9	CA3.1 Descríronse as propiedades da materia.	RA2 – Recoñece as instalacións e o material de laboratorio e valóraos como recursos necesarios para a realización das actividades prácticas	60%	40%
	CA3.5 Identificouse a denominación dos cambios de estado da materia		60%	40%
	CA3.6 Identificáronse diferentes sistemas materiais homoxéneos e heteroxéneos		60%	40%
	CA3.7 Identificáronse os estados de agregación nos que se presenta a materia e utilizáronse modelos cinéticos para explicar os cambios de estado	RA3 – Identifica propiedades fundamentais da materia nas formas en que se presenta na natureza, manexando as súas magnitudes físicas e as súas unidades.	60%	40%
	CA4.1 Identificouse e describiuse o que se considera substancia pura e mestura	RA4 – Utiliza o método máis adecuado para a separación de compoñentes de mesturas sinxelas en relación co proceso físico ou químico en que se basea.	60%	40%
	CA4.2 Establecéronse as diferenzas fundamentais entre mesturas e compostos		60%	40%
	CA4.3 Discrimináronse os procesos físicos e químicos	RA5 – Recoñece como a enerxía está presente nos procesos naturais, describindo fenómenos simples da vida real	60%	40%
	CA5.1 Identificáronse situacións cotiás nas que se pon de manifesto a intervención da enerxía		60%	40%
CA5.2 Recoñecéronse diversas fontes de enerxía	60%		40%	
CA5.3 Establecéronse grupos de fontes de enerxía renovable e non renovable		60%	40%	
<b>3ª AVALIACIÓN</b>				
5	CA3.2 Practicáronse os cambios de unidades de lonxitude, masa e capacidade	RA3 – Identifica propiedades fundamentais da materia nas formas en que se presenta na natureza, manexando as súas magnitudes físicas e as súas unidades.	60%	40%

## 2. Avaliación e cualificación

**Avaliación  
continua  
durante o  
terceiro  
trimestre  
trimestre**

Procedementos:

### ◆ ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

Para realizar a recuperación do primeiro e segundo trimestre teranse en conta as tarefas propostas na aula virtual -de forma xeral- ou por outros medios -en caso necesario- e que poderán remitir por calquera das vías habilitadas: aula virtual, correo electrónico da profesora ou correo electrónico do centro.

Habilitarase unha carpeta por cada trimestre a recuperar onde se atoparán as probas escritas a realizar e indicarse o seu prazo de entrega. Será obrigatorio que as tarefas de recuperación sexan entregadas a través da Aula Virtual no prazo establecido pola profesora, para que esta as avalíe.

O alumnado con perda de avaliación continua terá dereito a realización das probas de recuperación dos dous primeiros trimestres.

#### ➤ **Primeira avaliación**

Consistirá nun total de **9 tarefas**:

- 3 *actividades tipo I* de desenvolvemento, que no ámbito da matemática referiranse principalmente a exercicios de cálculo e resolución de problemas; e no ámbito das ciencias, con cuestións, vocabulario, busca de información, interpretación ou comentario de textos.
- 6 *actividades tipo II* de resposta rápida, principalmente tests, foros, encrucillados,.. recursos que ofrece a aula virtual.

#### ➤ **Segunda avaliación**

Consistirá nun total de **9 tarefas**:

- 3 *actividades tipo I* de desenvolvemento, que no ámbito da matemática referiranse principalmente a exercicios de cálculo e resolución de problemas; e no ámbito das ciencias, con cuestións, vocabulario, busca de información, interpretación ou comentario de textos.
- 6 *actividades tipo II* de resposta rápida, principalmente tests, foros, encrucillados,.. recursos que ofrece a aula virtual.

#### ◆ ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN

Para realizar a avaliación continua do trimestre teranse en conta as tarefas propostas na aula virtual -de forma xeral- ou por outros medios -en caso necesario- e que poderán remitir por calquera das vías habilitadas: aula virtual, correo electrónico da profesora ou correo electrónico do centro.

- Esta avaliación terá carácter diagnóstico e formativo.
- A puntuación máxima que se poderá obter será de 1,5 puntos

Consistirá nun total de **10 tarefas** que poderán conter:

- *actividades tipo I* de desenvolvemento, que no ámbito da matemática referiranse principalmente a exercicios de cálculo e resolución de problemas; e no ámbito das ciencias, con cuestións, vocabulario, busca de información, interpretación ou comentario de textos.
- *actividades tipo II* de resposta rápida, principalmente tests, foros, encrucillados,.. recursos que ofrece a aula virtual.

Instrumentos:

#### ◆ Valoración e cualificación

- cada unha das *actividades tipo I* puntuarán de 0 a 10 segundo a adecuación da resposta ao modelo das solucións (90%) e á presentación e organización do traballo (10%).
- cada *actividade tipo II* puntuará de 0 a 10 segundo o número de acertos e o número de intentos.
- aquel traballo de recuperación que sexa unha copia doutro compañeiro, automaticamente, suporá un SUSPENSO da proba para os implicados.

◆ Para o cálculo da nota de cada trimestre terase en conta a seguinte rúbrica:

FPBÁSICA1		PUNTOS	5	4	3	2	1
Actividades propostas (I)	60%		Entrega entre o 100% - 80% das actividades	Entrega entre o 80% -60% das actividades	Entrega entre o 60% -40% das actividades	Entrega entre o 40% -20% das actividades	Non entrega actividade ou menos do 20%
Calidade das respostas (I)			A nota media da calidade das respostas > 8	A nota media da calidade das respostas > 6	A nota media da calidade das respostas > 4	A nota media da calidade das respostas > 2	A nota media da calidade das respostas é menor ou igual a 2
Actividades propostas (II)	40%		Todos as actividades propostas foron realizados	Máis do 75% dos tests propostos foron realizados	Alomenos a metade dos tests propostos foron realizados	Máis do 25% dos tests propostos foron realizados	Realízanse menos do 25% dos tests
Calidade das respostas (II)			A nota media das actividades é > 8	A nota media das actividades é > 6	A nota media das actividades é > 4	A nota media das actividades é > 2	A nota media das actividades é ≤ 2

◆ Aquel alumnado que supere as probas de recuperación do 1º/2º trimestre/s aplicaráselle a fórmula da cualificación final, podendo, por tanto, aumentar a súa nota se cumpren os requisitos recollidos na rúbrica de avaliación das tarefas desenvolvidas no terceiro trimestre.

<b>Cualificación final</b>	<p>De acordo ao indicado no punto 6.10 das instrucións do 27 de abril, a avaliación final seguirá os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ A nota final da materia será calculada coa media das cualificacións da 1ª e 2ª avaliación sen redondeo, sempre que cada unha delas se superase satisfactoriamente, máis a puntuación obtida na 3ª avaliación (máximo 1,5 punto)</li> <li>➤ Este incremento máximo, aplicaráselle a aquel alumnado que teña superado ámbolos dous primeiros trimestres (nota <math>\geq 5</math>), ben de forma ordinaria ou ben na recuperación de xuño. Este incremento terá en conta os criterios da rúbrica exposta no apartado de avaliación.</li> <li>➤ Considerarase que o alumnado ten superada a materia cando esa nota media supere os 5 puntos. A media final será redondeada no boletín de notas ao número enteiro máis próximo, do seguinte xeito: <ul style="list-style-type: none"> <li>- se a puntuación decimal supera ou iguala o 5, o redondeo farase ao número enteiro superior (Exemplo: un 6,5 sería un 7)</li> <li>- se a puntuación decimal non supera o 5, o redondeo farase ao número enteiro inferior. (Exemplo: un 6,4 sería un 6)</li> </ul> </li> <li>➤ O alumnado que non supere os 5 puntos, valorarase a posibilidade do aprobado, tendo en conta unha análise global da progresión e consecución dos obxectivos xerais de etapa e o desenvolvemento das competencias clave.</li> <li>➤ O alumnado que non supere a materia deberá recuperar a materia na convocatoria de setembro.</li> </ul>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>Salvo novas instrucións por parte da Consellería de cara a avaliación extraordinaria, prográmase:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Na convocatoria extraordinaria de setembro realizarase unha proba na que se valorará o coñecemento das aprendizaxes imprescindibles da 1ª e 2ª avaliación expostas na presente modificación da programación .</li> <li>➤ A proba valorarase entre 0 e 10 puntos, aplicando os mesmos criterios de redondeo que en xuño.</li> <li>➤ No caso de que o/a alumno/a acade unha nota de 3 e sexa esta a única materia suspensa, valorarase a posibilidade do aprobado, tendo en conta unha análise global da progresión e consecución dos obxectivos xerais de etapa e o desenvolvemento das competencias clave.</li> </ul>

<b>Alumnado de materia pendiente</b>	Criterios de avaliación:	NON PROCEDE
	Criterios de cualificación:	NON PROCEDE
	Procedementos e instrumentos de avaliación:	NON PROCEDE
<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>		
<b>Actividades</b>	<p>A proposta de actividades tratarán de cumprir as seguintes condicións:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Actividades que permitan o repaso e asimilación de coñecementos e o desenvolvemento das capacidades mediante exercicios de cálculo, de resolución de problemas, exercicios específicos de resposta rápida ou de interpretación.</li> <li>➤ que permitan distintos ritmos de aprendizaxe.</li> <li>➤ Que permitan a recuperación das aprendizaxes e competencias imprescindibles nos dous primeiros trimestres e o alumnado poida continuar o seu itinerario formativo.</li> <li>➤ As actividades relacionadas no apartado anterior preséntanse apoiadas en materiais e recursos que favorezan o interese do alumnado sobre os temas, que lle axuden á comprensión dos contidos e os motiven para a súa aprendizaxe: imaxes, vídeos, recursos interactivos,..</li> <li>➤ Estas probas son supervisadas pola docente, que analiza as dificultades e orienta e proporciona ao alumnado a axuda e as indicacións necesarias para facer novamente as tarefas.</li> </ul>	
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Sen conectividade. No caso de que se detecte desconectividade no alumnado procédese da seguinte forma: <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Mensaxe a través da aula virtual e/ou a través do Espazo Abalar, tanto cos pais/nais ou titores legais do alumnado menor de idade como co alumnado maior de idade; e comunicación á titora do grupo.</li> <li>➤ En segunda instancia, comunícase ao Departamento de Orientación e á Dirección do Centro as incidencias detectadas e séguese as directrices establecidas por esta.</li> </ul> </li> </ul>	

<b>sen conectividade)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Con conectividade: <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ A actividade de referencia realizarase dende a aula virtual do centro, dende a carpeta “Economía”, xa que todo o alumnado está matriculado no curso online habilitado <i>Matemáticas FP Básica1</i>, pois coa finalidade de contribuír ao fomento das TIC, xa viñamos traballando con esta metodoloxía antes da suspensión das clases.</li> <li>➤ Para facilitar a atención educativa do alumnado, ademais das medidas adoptadas polo centro a través dos novos modelos de titoría e orientación, a profesora tamén habilitou unha dirección de correo electrónico para que o alumnado poida comunicar calquera tipo de dificultade ou remitir por email as súas actividades a través de arquivos adxuntos (fotos do caderno).</li> </ul> </li> </ul>
<b>Materiais e recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ O alumnado dispón do material proporcionado durante as clases presenciais, así como as anotacións realizadas na aula.</li> <li>➤ A profesora proporcionará distinta documentación (arquivos de texto, vídeos, enlaces..) na aula virtual.</li> </ul>

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>O alumnado e as familias serán informadas da publicación da adaptación da PD a través de:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Aula virtual, no espazo de FORO DE NOVAS, para todos .</li> <li>➤ Mensaxe no ESPAZO ABALAR, para todos aqueles subscritos á aplicación e que non estean seguindo o curso.</li> <li>➤ Correo electrónico, aquel alumnado que se comuniquen coa profesora por email.</li> </ul>
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.